

**Roteiros medioambientais GUIADOS: coñece o teu Concello e arredores.**

*Concellería de Educación (Soutomaior)*

**ROTEIRO MICOLÓXICO POLOS MONTES DE ARCADE-SOUTOMAIOR**

Medio ambiente e natureza

**DATA:** DOMINGO 24 OUTUBRO

**HORARIO:**

**Inicio:** 10.00 h Multiúsos de Arcade

**Fin:** 14.00 h Arcade

**BREVE DESCRICIÓN:**

Comezaremos este roteiro cunha pequena explicación que se realizará no Multiúsos en Arcade e que terán unha duración de 1 h para expoñer conceptos básicos sobre micoloxía: concepto de fungo, cogomelo, hifa, micelio, espora,...Reproducción. Nutrición: formas de vida. Partes dun cogomelo. Aspectos ecolóxicos: climatoloxía e épocas de frutificación (factores que inflúen no desenvolvemento e frutificación dos fungos), influencia do tipo de terreo, hábitats). Principais especies comestibles e venenosas que se poden atopar en Galicia en outono.

Aproximadamente sobre ás 11 partiremos en coche para o punto de inicio do roteiro. Poderemos ir en cadanseu coche ou agruparnos para ir en grupos pequenos. Esta parte realizarase polos montes de Soutomaior pero a zona concretase ese día polo guía e experto Jaime Blanco da Asociación Brincabois que serán o encargado de realizar con nós este roteiros e previamente seleccionar o mellor lugar uns días antes tendo en conta a climatoloxía e de como se atopan as zonas de bosque.

**CARACTERÍSTICAS:** Dificultade baixa- Percorrido maioritariamente por sendeiros e pistas de monte, podemos atoparnos con chan irregular (pedras, terra e desniveis).

Lonxitude: 3,5km, aprox.

**TEMPO ESTIMADO:** 3 h

**IDADES:** todas. Ter en conta a tipoloxía da actividade.

**INICIO:** Multiúsos Arcade.

**CUSTE:** de balde.

**DOCUMENTACIÓN:** ficha de inscrición (xa enviada en liña).

**INSCRICIÓN:** ATA 22 DE OUTUBRO EN LIÑA a través da web:

<https://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/inscricions-menu/inscricions-en-liña>



**Material recomendado para realizar a actividade:**

- Navalla e un cesto pequeno para gardar os cogomelos recollidos.
  - Roupa adecuada á meteoroloxía (ter en conta que haberá zonas de exposición ao vento, ao sol e que se vai á beira do río e pode haber zonas asolagadas).
  - Calzado adecuado para camiñar, con sola forte e rugosa.
  - Roupa axeitada ao día: chubasqueiro (se chove ou fai vento); pantalón cómodo, camiseta térmica (se fai frío)...
  - É recomendable levar unha pequena mochila con auga para a camiñata, comida (tanto para a parada de descanso a medio camiño como para o xantar) ou outras cousas que se consideren necesarias tendo en conta cada roteiro.
- IMPORTANTE:** Recordamos que os/as guías son titulados/as e a actividade realizarase baixo unha póliza de R. Civil e accidentes derivados da organización do evento pero non dos accidentes provocados por outros motivos. Si se produce algún cambio na organización comunicarémolo o antes posible a cada participante.

**Máis información** na OMIX no teléfono 986 700 822 ou en [educacion@soutomaior.com](mailto:educacion@soutomaior.com)

**OBSERVACIÓNS COVID-19:** co fin de adaptarnos á normativa e facer a actividade máis segura durante a actividade teremos que levar a máscara posta cando non se poidan manter as distancias de seguridade establecidas.